

De casiñas e pazos

De casiñas e pazos

Percorrido poético polas “casas” de Rosalía

De casiñas e pazos

Estamos hoxe aquí diante da derradeira casa de Rosalía de Castro, hoxe convertida na súa Casa-Museo, para visitar esta, máis tamén para ler algúns dos poemas nos que alude aos fogares. Ela... que tantos tivo.

Un dorido galego que ten que migrar despídese así da súa "casiña" no famoso poema de *Cantares gallegos*:

Adiós ríos, adiós fontes
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos,
non sei cándo nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento.

Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*.

De casiñas e pazos

Rosalía tamén lembra as campás de Bastabales, no concello de Brión, que escoitaría cando era meniña e vivía en Ortoño, como símbolo da melancolía que sente por estar lonxe da súa terra.

*Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

|

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

De casiñas e pazos

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.
Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*.

De casiñas e pazos

O Pazo de Arretén, tamén aquí en Padrón, onde nacera a nai da poeta e ela tamén viviu, aparece mencionado en dous poemas "Como chove miudiño" de Cantares gallegos e en "O pazo d'A" de Follas novas.

O pazo d'A

Ó pe do monte, maxestuoso erguíase
N'aldea escura o caserón querido,
Ca oliva centenaria
De cortinaxe o ventanil servindo.
Deserta a escalinata,
Soio o paterno niño,
E enriba d'el caendo misteriosas
Coas sombras do crepúsculo, as do olvido.

Rosalía de Castro: *Follas novas*

De casiñas e pazos

Tamén en Follas novas atopamos o laio da muller dun emigrante que se queixa da súa soidade mentres traballa e tamén cando está na casa.

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.
Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virm'a erguer,
el xa non me pousará.
¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
Ferve o pote... mais, meu caldo,
soíña t'hei de cear.
Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soídás.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,

Rosalía de Castro: *Follas novas*

De casiñas e pazos

Rematamos xa co poema no que máis claramente se alude á casa. Neste caso coma refuxio fronte as desgrazas e a pobreza. A casiña na que come "o caldo de gloria".

Con un pouco de unto vello
que o ben soupen aforrar,
e ca fariñiña munda,
xa tiña para cear.
Fixen un caldo de gloria
que me soupo que la mar;
fixen un bolo do pote
que era cousa de envidiar;
despóis que o tiven comido,
volvín de novo a rezar;
e despois que houben rezado,
puxen a roupa a secar,
que non tiña fío enxoiito
de haber tanto me mollar.
Nantramentras me secaba,
púxenme logo a catar
para que me oíran
en todo o lugar:
Meu lar, meu fogar,
¡cántas onciñas
de ouro me vals!

Rosalía de Castro: Folla novas.